

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 19 DE XULLO DE 2007.**

Na Sala de Comisións da Casa do Concello de Mugardos, ás nove horas e sete minutos do día dezanove de maio do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. M<sup>a</sup> Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, a concelleira Dna. Carolina Cruz Fernández. Asiste tamén a interventora Dna. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 06.07.07.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión constitutiva celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 6 de xullo de 2007.

### **2.- ENAXENACIÓN MÁQUINAS DE COSER.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Enaxenar as maquinas de coser aos ofertantes e no prezo que deseguido se indica:

| Nº. MAQUINA                  | OFERTANTE/PREZO OFERTADO                       |
|------------------------------|--|
| 1                            | PRIETO GONZALEZ CONSUELO.....150,00 €          |
| 6                            | SANTOS GONZÁLEZ ROBERTO..... 61,00 €           |
| 9                            | PERMUY FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL..... 60,00 €       |
| 11-REMALLADORA               | PRIETO GONZÁLEZ CONSUELO..... 150,00€          |
| 14                           | RASPILLA RIESCOS ANA MIREYA..... 58,00 €       |
| 15                           | PEREIRA VIÑAS JOSE..... 100,00€                |
| 16                           | NOCHE OTERO JUAN CARLOS..... 61,00 €*          |
| 17                           | MESSA OSORIO LINNE..... 80,00€                 |
| 18                           | MESSA OSORIO LINNE..... 80,00€                 |
| 21                           | PERMUY GONZÁLEZ JOSÉ ÁNGEL..... 60,00€         |
| 24                           | PEREIRA VIÑAS JOSÉ..... 100,00€                |
| 25                           | GONZÁLEZ ESPARIS FIDEL..... 61,65€             |
| SEN ESPECIFICAR              | RIVERA G. MONTERO S.C.L(4 MÁQ)..... 70,00€ C/U |
| SEN N°.LOTE<br>MARCA BROTHER | MÉNDEZ VALCÁRCEL M. VICTORIA(1 MÁQ.) 80,00€    |

2.- O día de entrega aos ofertantes terá lugar o 29.08.2007, ás 10.00 horas, no baixo da Casa Consistorial e farase previa presentación do xustificante de ter aboado o prezo ofertada na conta de Caixa Galicia núm. 2091-0205-33-3110000032 mediante ingreso directo ou transferencia bancaria.

3.- A enaxenación do resto das maquinas farase mediante sistema de poxa entre os ofertantes que non obtiveron adxudicación o día 26.09.2007, ás 11.00 horas, por se estivesen interesados na súa adquisición; a tal efecto citaráselles vía telefónica ou escrita.

### **3.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

#### **OBRA: “RAMAIS DO ALCANTARILLADO DA SEAÑA”**

1.- Prestar a súa aprobación a certificación DÚAS (2)- FINAL da obra “Ramais do alcantarillado da Seaña”, incluída no Plan de Obras Municipais 2005, por importe de CINCO MIL SETENTA E UN EUROS CON TRINTA E SEIS CENTIMOS DE EURO (5.071,36€) con cargo á partida 2007.1.0441.0.60100 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

2.- Prestar a súa aprobación á acta de recepción da devandita obra.

#### **OBRA: “MELLORA DO PARQUE DO PETEIRO”**

1.- Prestar a súa aprobación a certificación única da obra “Mellora do Parque do Peteiro”, incluída no Plan de Obras Municipais 2006, por importe de TRINTA E SETE MIL TRESCENTOS OITENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS DE EURO (37.381,94€) con cargo á partida 2007.0.432.063203 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

2.- Prestar a súa aprobación á acta de recepción da devandita obra.

#### **OBRA: “URBANIZACIÓN DA BEIRA NORTE DA RÚA AREOSA”**

1.- Prestar aprobación a certificación 3 da obra “Urbanización da beira norte da rúa Areosa”, incluída no Plan de Obras Municipais 2006, por importe de VINTE MIL SEISCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CATRO CENTIMOS DE EURO (20.673,54€) con cargo á partida 2007.0.432.0.60101 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

#### **OBRA: “ACONDICIONAMENTO DO EXTERIOR DA PRAZA DO MERCADO DE SAN TELMO”**

1.- Prestar aprobación a certificación núm. 4 da obra “Acondicionamento do exterior da Praza do Mercado de San Telmo”, incluída no Plan de Obras Municipais 2005, por importe de CINCUENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTECATRO CENTIMOS DE EURO (55.292,24€) con cargo á partida 2007.0.622.0.63201, prorrogado 2006, e que se remita a correspondente documentación á Delegación de Innovación, Industria e Comercio por contar con subvención de dito organismo.

#### **OBRA: “SEPARATA Nº 2 DO PROXECTO: SANEAMENTO EN O VILAR (1ª E 2ª FASE)”**

1.- Prestar aprobación a certificación 3 da obra “Separata nº 2 do proxecto: Saneamento en O Vilar (1ª e 2ª Fase) incluída no Plan de Obras e Servizos - Anualidade 2006 (P.O.S. 2006), por importe de TRINTA E SETE MIL TRESCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CENTIMOS DE EURO (37.399,92€) con cargo á partida 2007.1.441.0.60105 do orzamento vixente, prorrogado 2006, e que se remita a correspondente documentación á Deputación Provincial por estar incluída no P.O.S. 2006.

#### **4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS MARÍA E REAL. P.O.S. 2007.-**

Vista a circular remitida pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña relativa ao asunto epigrafiado e tendo en conta o informe da interventora accidental así como o informe do secretario da Corporación, de datas 18 de xuño de 2007 e 4 de xullo de 2007, respectivamente, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 60.101,21 euros as obras de:

| <b><u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u></b> | <b><u>IMPORTE</u></b> |
|------------------------------------|-----------------------|
| REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS .....    | 51.495,15€            |

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado das obras comprendidas nos planos de obras e servizos e outras obras provinciais aprobado pola Deputación Provincial en sesión celebrada o 09.06.2005, sinalando que se substitúe a solicitude de ofertas por un anuncio de licitación que se publicara nun dos diarios de maior difusión na Comunidade Autónoma.

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.441.0.62701 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

#### **5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SEPARACION DE AUGAS PLURIAIS NA AVDA. DOS CORZÁS”. P.O.S. 2007.-**

Vista a circular remitida pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña relativa ao asunto epigrafiado e tendo en conta o informe da interventora accidental así como o informe do secretario da Corporación, de datas 18 de xuño de 2007 e 4 de xullo de 2007, respectivamente, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1.- Contratar pola modalidade do subhasta con procedemento aberto as obras de:

| <b><u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u></b>               | <b><u>IMPORTE</u></b> |
|--|-----------------------|
| SEPARACIÓN DE AUGAS PLURIAIS NA AVDA. DOS CORZÁS | 163.321,78€           |

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de subhasta con procedemento aberto das obras comprendidas nos planos de obras e servizos e outras obras provinciais aprobado pola Deputación Provincial en sesión celebrada o 09.06.2005.

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non supera-la execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.441.0.62700 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

## **6.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-**

### **MOBISER EQUIPAMIENTOS S.A.**

Tendo en conta a proposta do Concelleiro de Obras, don Moisés Rivadulla Fernández, de data 14.06.2007, de devolución de fianza a D. Mobiser Equipamientos S.A., a Xunta de Goberno Local, tras a deliberación por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación a citada proposta e, en consecuencia, proceder á devolución do aval bancario constituído por Mobiser Equipamientos S.A. como adxudicatario do subministro de “Anexo á 1ª fase do Parque do Penedo” por ter transcorrido máis dun ano dende a entrega ao servizo público do citado parque.

### **EXECUCIÓN PISTA POLIDEPORTIVA R/CRISTO**

Visto o escrito presentado pola empresa BENIGNO GARCÍA SUÁREZ CTNES. EN GRAL.,S.A. (BEGASUCEGSA) (R.E. 3.646/29.06.2007) interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garantir a execución das obras de “EXECUCIÓN PISTA POLIDEPORTIVA R/O CRISTO”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo director de obra no que fai constar que personado no lugar das obras referenciadas e transcorrido o preceptivo prazo de garantía, estas encóntranse en perfectas condicións non observándose ningún defecto a subsanar para a cancelación do aval (1.164,63€), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a solicitude presentada pola empresa BEGASUCEGSA, e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza constituída mediante aval de AFIGAL-. núm. 24.775 - por importe de 1.164,63€ (MIL CENTO SESENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS)

### **PAVIMENTO DA RÚA TEUPOEIRA**

Visto o escrito presentado pola empresa BENIGNO GARCÍA SUÁREZ CTNES. EN GRAL.,S.A. (BEGASUCEGSA) (R.E. 3.646/29.06.2007) interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garantir a execución das obras de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA TEUPOEIRA”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo director de obra no que fai constar que personado no lugar das obras referenciadas e transcorrido o preceptivo prazo de garantía, estas encóntranse en perfectas condicións non observándose ningún defecto a subsanar para a cancelación do aval (1.115,51€), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a solicitude presentada pola empresa BEGASUCEGSA, e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza constituída mediante aval de AFIGAL-. núm. 28.015 - por importe de 1.115,51€ (MIL CENTO QUINCE EUROS CON CNCUENTA E UN CÉNTIMOS).

## **7.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE OBRAS SOBRE MELLORA DO PARQUE DOS CARNEIROS.-**

Visto o informe-proposta do concelleiro de Obras de data 14.06.2007, relativo ao asunto epigrafiado, a Xunta de Goberno Local, tras deliberación, por unanimidade acorda:

- 1.- Deixar sen efecto o acordo de aprobación da factura presentada por JUEGOS KOMPAN S.A., por importe de 22.855,48 euros, IVE incluído.
- 2.- Requirir á empresa JUEGOS KOMPAN, S.A. para que presente nova factura polo importe do efectivamente subministrado e executado.
- 3.- Que se remita copia do presente acordo á Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

### **8.- LIQUIDACIÓN PLUSVALÍAS NÚM. 3/2007.-**

Tras ver a liquidación de plusvalías núm. 3/2007, segundo a relación que comeza co expte. núm. 135/01 e remata co expte. 130/06, conformada pola Interventora Municipal, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1.- Prestar a súa aprobación ós expedientes dos anos 2001, 2004, 2005 e 2006 (liquidación núm. 2/2007) por un importe total de ONCE MIL SETENTA E DOUS EUROS CON DEZASETE CENTIMOS (11.072,17 €), tal e como figurade seguido:

| <b>Nº EXPTE.</b> | <b>NOME</b>   | <b>IMPORTE</b> |
|------------------|---|----------------|
| 135/01           | CRISTINA PICOS VILAR  | 684,80         |
| 137/04           | M. DOLORES LÓPEZ CASAL E ESPOSO   | 25,04          |
| 164.1/04         | ANTONIA MARTÍNEZ PÉREZ  | 810,93         |
| 164.2/04         | ANTONIA MARTÍNEZ PÉREZ  | 100,64         |
| 164.3/04         | ANTONIA MARTÍNEZ PÉREZ  | 47,41          |
| 069.1/05         | JOSEFINA VILAR FEAL   | 285,91         |
| 069.2.1/05       | JOSEFINA VILAR FEAL   | 114,83         |
| 069.2.2/05       | JOSEFINA VILAR FEAL   | 54,80          |
| 069.3.1/05       | JOSEFINA VILAR FEAL   | 65,33          |
| 069.3.2/05       | JOSEFINA VILAR FEAL   | 31,18          |
| 081/05           | MERCEDES CRIADO RODRÍGUEZ   | 110,50         |
| 108.1/05         | M. AMABLE EIBE PIÑEIRO  | 102,19         |
| 108.2/05         | M. AMABLE EIBE PIÑEIRO, EN REPR. DE IRMÁNS REY EIBE                           | 816,79         |
| 108.3/05         | LUZ RODRÍGUEZ PEREIRA   | 102,19         |
| 108.4/05         | LUZ RODRÍGUEZ PEREIRA, EN REPR. DE IRMÁS REY RGUEZ.                           | 1020,99        |
| 121.1/05         | CONSUELO SALIDO MORGAGE   | 49,85          |
| 121.2/05         | FRANCISCA SALIDO MORGAGE  | 49,85          |
| 019.1.1/06       | DELFINA SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 94,60          |
| 019.1.2/06       | DELFINA SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 36,12          |
| 019.1.3/06       | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 94,60          |
| 019.1.4/06       | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 36,12          |
| 019.1.5/06       | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ, EN REPR. DE IRMÁNS SEIJAS MARTÍNEZ-ECHEVARRÍA | 45,15          |
| 019.1.6/06       | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ, EN REPR. DE IRMÁNS SEIJAS MARTÍNEZ-ECHEVARRÍA | 36,12          |
| 019.1.7/06       | DELFINA SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 16,53          |
| 019.1.8/06       | DELFINA SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 6,31           |
| 019.1.9/06       | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 16,53          |
| 019.1.10/06      | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ  | 6,31           |
| 019.1.11/06      | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ, EN REPR. DE IRMÁNS SEIJAS MARTÍNEZ-ECHEVARRÍA | 7,89           |
| 019.1.12/06      | MARÍA ROSARIO SEIJAS DOMÍNGUEZ, EN REPR. DE IRMÁNS SEIJAS MARTÍNEZ-ECHEVARRÍA | 6,31           |
| 043.1.1/06       | CARMEN FERNÁNDEZ VILLAR   | 70,12          |

|            |   |                 |
|------------|---|-----------------|
| 043.1.2/06 | CARMEN FERNÁNDEZ VILLAR   | 11,47           |
| 043.2/06   | CARMEN FERNÁNDEZ VILLAR   | 0,90            |
| 045/06     | AGAPITO MARTÍN GALÁN  | 11,87           |
| 050.1/06   | CONSUELO SALIDO MORGADE   | 53,13           |
| 050.2/06   | FRANCISCA SALIDO MORGADE  | 53,13           |
| 054.1/06   | ALFONSO FREIRE PICOS, "COLECTIVO AVOGADOS SC", EN REPR. DE IRMÁS VÁZQUEZ CRESPO | 37,78           |
| 054.2/06   | ALFONSO FREIRE PICOS, "COLECTIVO AVOGADOS SC", EN REPR. DE IRMÁS VÁZQUEZ CRESPO | 60,86           |
| 054.3/06   | ALFONSO FREIRE PICOS, "COLECTIVO AVOGADOS SC", EN REPR. DE IRMÁS VÁZQUEZ CRESPO | 113,11          |
| 071.1/06   | JOSEFA ROMEU VARELA, EN REPR. DE HROS. DE JUAN MARCOS ESPÍNEIRA                 | 117,32          |
| 071.2/06   | JOSEFA ROMEU VARELA, EN REPR. DE HROS. DE JUAN MARCOS ESPÍNEIRA                 | 53,99           |
| 072.1/06   | MIGUEL ÁNGEL LORENZO VARELA   | 45,53           |
| 072.2/06   | MARÍA PATRICIA DÍAZ EDREIRA   | 45,53           |
| 073/06     | FRANCISCO DOPICO DOVAL E DONA   | 169,87          |
| 074/06     | HISPANOCANTÁBRICA DE PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES, S.L.                         | 34,27           |
| 107/06     | MANUEL GARCÍA FORNOS E DONA   | 115,88          |
| 109.1/06   | JOSÉ ALLEGUE FORNOS E RAMONA DIOS PEREIRA                                       | 533,42          |
| 109.2/06   | ANTONIA ALLEGUE FORNOS  | 533,42          |
| 110/06     | JUAN ÁNGEL ALLEGUE RODRÍGUEZ  | 97,07           |
| 111/06     | JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ  | 214,92          |
| 112/06     | JOSÉ JUAN VARELA MONTERO, EN REPR. DE HROS. DE JUAN VARELA DEIBE                | 274,79          |
| 113.1/06   | JOSEFINA GELPI VÁZQUEZ  | 252,83          |
| 113.2/06   | JOSEFINA GELPI VÁZQUEZ  | 108,60          |
| 114.1/06   | RAMÓN FERNÁNDEZ LÓPEZ, EN REPR. DE HROS. DE CÁNDIDO FERNÁNDEZ LOURIDO           | 949,32          |
| 114.2/06   | RAMÓN FERNÁNDEZ LÓPEZ, EN REPR. DE HROS. DE CÁNDIDO FERNÁNDEZ LOURIDO           | 123,45          |
| 128/06     | ANDRÉS PÉREZ REY  | 1591,23         |
| 129/06     | CELIA PATIÑO SAAVEDRA   | 480,64          |
| 130/06     | JOSÉ MARÍA GUZMÁN COCA E DONA   | 24,08           |
|            | <b>TOTAL</b>  | <b>11054,35</b> |

2.- Que se proceda á súa notificación cos recursos pertinentes.

**9.- CONCESIÓN DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE INMOBLES DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI).-**

Tendo en conta os informes da arquitecta asesora municipal de data 12.06.2007, e da

arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación de data 16.07.2007, obrantes no expediente, así como o ditame favorable da comisión de urbanismo e industria, e condicionada a obtención da preceptiva licenza municipal de obras, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial ás seguintes subvencións ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

**-Dna. MÓNICA PENA CORTIZAS (EXPTE. MUG\_ 1107) segundo solicitude de data 4 de xullo de 2007**, propietaria da vivenda sita na R/ San Telmo nº 12, 3º pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 562,50 €, para as actuacións sobre elementos comúns.

**-D. DARÍO GROBAS FUENTES (EXPTE. MUG\_ 1107) segundo solicitude de data 4 de xullo de 2007**, propietario da vivenda sita na R/ San Telmo nº 12, Bxo. e 1º pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 1125,00 €, para as actuacións sobre elementos comúns.

**-D. FERNANDO LUÍS GONZÁLEZ CALAZA (EXPTE. MUG\_ 1107) segundo solicitude de data 4 de xullo de 2007**, propietario da vivenda sita na R/ San Telmo nº 12, 2º pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 562,50 €, para as actuacións sobre elementos comúns

2.- Conceder a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións de Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugaros.

## **10.- LICENZAS DE OBRAS.-**

Tendo en conta os informes emitidos pola arquitecta técnica asesora en materia de urbanismo e pola arquitecta técnica municipal e así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

### **A) OBRAS MENORES**

**-Dna. M<sup>a</sup> LUISA ANCA PIÑEIRO (EXP. 48/2007) segundo solicitude de data 19 de marzo de 2007**, para legalización de movemento de terras, en Avda. do Seixo nº 40, referencia catastral: 3619005NJ6131N.

O movemento de terras consiste nun desmonte de 40 m<sup>2</sup> e unha profundidade media de 0,40 m. realizado no patio interior da parcela de referencia por ser compatible co ordenamento urbanístico

Non se producirán aumentos de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

**PRIMEIRO.-** Levantar a paralización ordenada pola Resolución da Alcaldía número 540/2006, de 25 de agosto, das obras consistentes no desmorte interior da vivenda, en Av. do Seixo nº 40, por carecer da preceptiva licenza municipal.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, aos efectos oportunos.

**-Dna. Mª DE LOS ÁNGELES SANJUÁN LÓPEZ (EXP. 92/2007) segundo solicitude de data 25 de abril de 2007,** para instalación dunha piscina desmontable, en R/Xuncedo nº 6, referencia catastral: 3717005NJ6131N.

O deslinde máis desfavorable terá 3 metros.

As dimensións serán 5,00 m. x. 10,00 m.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. PEDRO RODRÍGUEZ GRANDAL (EXP. 100/2007) segundo solicitude de data 4 de xaneiro de 2007,** para cambio de cuberta, substituíndo a existente por fibrocemento e tella do país, en Franza de Abaixo nº 5, referencia catastral: 3009206NJ6130N.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

**-Dna. CARMEN DÍAZ MORADO (EXP. 101/2007) segundo solicitude de data 3 de maio de 2007,** para instalación dunha piscina desmontable de fibra, en San Vitorio nº 51, referencia catastral: 3113023NJ6131S.

As dimensións serán 8,5 m. x. 3,8 m. x 1,2 m.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

## **B) PECHES**

**-D. FRANCISCO GRUEIRO VERDE (EXP. 37/2007) segundo solicitude de data 8 de marzo de 2007,** para peche, en As Lagoas s/n, referencia catastral: 0419004NJ6101N.

O peche entre propiedades terá 189,93 m. de lonxitude e 2,00 m. de altura máxima; será de reixa e tubo.

O peche fronte ao camiño público terá 21,41 m. de lonxitude e 1,50 m. de altura total e non será opaco en máis de 1,00 m. de altura; será de pedra e reixa de aluminio.

O peche distará do eixo da vía pública 6 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Autorízase tamén a colocación dun portal de acceso á finca, de 4,00 m. x 1,50 m. O sentido de apertura será cara dentro do predio ou corredoiro.

As dimensións serán 8,5 m. x. 3,8 m. x 1,2 m.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**-D. JOSÉ MANUEL HERNÁNDEZ ORTIZ (EXP. 38/2007) segundo solicitude de data 9 de marzo de 2007**, para peche con bloque de formigón ou ladrillo, en San Vitorio s/n, referencia catastral: 2711601NJ6121S0001ZJ.

O peche terá unha altura máxima de 1,50 m no seu fronte e 2.00 m no perímetro restante, non acadando a parte opaca máis de 1.00 segundo Art. 309 do PXOM.

O peche axustarase ao trazado definido polo sistema viario, contemplado así mesmo no plano de replanteo subscrito pola dirección Facultativa con data 25 de outubro de 2006 do expediente 003/06.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non están permitidos os peches con malla tipo galiñeiro ou de arames nin as terminacións agudas.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. CARLOS PAINCEIRAS ALLEGUE (EXP. 109/2007) segundo solicitude de data 14 de maio de 2007**, para peche con muro de fábrica, en Camiño do Redondo, S/N, referencia catastral: 4418601NJ6141N.

O peche terá unha altura máxima de 1,50 metros no seu fronte e 2,00 metros no perímetro restante, non acadando a parte opaca máis de 1,00 metros segundo o artigo 309 do P.X.O.M.

Por tratarse dunha parcela en esquina, esta deberá achafanarse segundo o indicado no art. 78 do P.X.O.M.

Así mesmo deberá axustarse ao plano de replanteo e as cesións que se establecen no expediente da licenza de obras 19/2005.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non están permitidos os peches con malla tipo galiñeiro ou de arames, nin as terminacións agudas.

Antes do inicio das obras deberá solicitar ao Concello acta de replanteo para determinación das aliñacións da parcela.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

## **C) OBRAS MAIORES**

**-D. CELSO GARCÍA RODRÍGUEZ (EXPTE. 109/2006) segundo solicitude de data 22 de xuño de 2006**, para rehabilitación de vivenda, acceso e adega, na Avda. do Mar nº 33, 1º, referencia catastral: 0328015NJ6102N0002SL, segundo proxecto básico e proxecto de execución redactado polos arquitectos Dna. Yolanda Mauriz Bastida e D. Tomás García Monteagudo e visados polo C.O.A.G. en datas 19.06.2006 e 18.08.2006 respectivamente. *Deberán de observarse todas as condicións esixidas pola Servizo de Protección do Litoral da Consellería Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 01.02.2007, (expte. A-138/2006).*

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-CA, Solo Urbano de Casco Antigo.

A finalidade da licenza é a rehabilitación integral do interior da vivenda sita no primeiro piso ademais do enfoscado e pintado da fachada anterior con reapertura de oco en fachada,

consolidación e saneado de mampostería da fachada posterior, rehabilitación de elementos comúns do portal de entrada e rehabilitación dun anexo non vencellado ao edificio para uso de trasteiro, todo iso respectando a volumétrica existente.

As condicións urbanísticas son:

|                                  | PROXECTO        | NORMATIVA        |
|----------------------------------|-----------------|------------------|
| a) Parcela mínima                | existente       | non establece    |
| b) Aliñacións                    | cumpre          | existentes       |
| c) Altura máxima                 | non se modifica | 10,00 m. (Pb+2)  |
| d) Cuberta                       | non se modifica | modif. Art. 84   |
| e) Composición de fachadas: ocos | cumpre          | do eixo vertical |
| f) Usos: vivenda                 | cumpre          | excep. unif.     |

O orzamento de execución material da reforma e rehabilitación da vivenda ascende á cantidade de 47.080,00 €.

O arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto Dna. Yolanda Mauriz Bastida e D. Tomás García Monteagudo e o arquitecto técnico director das obras é D. Jorge Durán Panceiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Antes do inicio da obra deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

**-Dna. M<sup>a</sup> DEL CARMEN LINARES MARTÍNEZ (EXPTE. 134/2006) segundo solicitude de data 27 de xullo de 2006,** para reforma de cuberta e adecuación interior, nas Lagoas nº 6, referencia catastral: 0212001NJ6101N, segundo proxecto básico e anexo redactado polos arquitectos D. Miguel Ángel Abad Blanco e D. Antonio Deus Álvarez e visados polo C.O.A.G. en datas 18.07.2006 e 23.05.2007 respectivamente.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A edificación sobre a que se actúa atópase dentro de aliñación.

A finalidade da licenza é a substitución da cuberta por un forxado inclinado de formigón, a apertura de bufardas e a rehabilitación da carpintería exterior existente. Así mesmo levarase a cabo a axeitación interior da vivenda, consistente na renovación do entaboadado de madeira existente coa reubicación da escada e a substitución da tabiquería de madeira por unha de pladur coa conseguinte renovación das instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, acabados interiores de cociña e baño e substitución de carpintería interior, todo iso respectando a volumétrica existente.

As condicións urbanísticas son:

|                             | PROXECTO                        | NORMATIVA                           |
|-----------------------------|---------------------------------|-------------------------------------|
| a) Parcela mínima           | cumpre (< 400 m <sup>2</sup> )  | 400 m <sup>2</sup>                  |
| b) Fachada mínima           | 24,98                           | 12 m. fachada                       |
| c) Aliñacións               | 10 m.                           | 10 m. máximo                        |
| d) Lindeiros                | maior (edif. exist.)            | 3 m.                                |
| e) Ocupación parcela        | cumpre (177,10 m <sup>2</sup> ) | 50 %                                |
| f) Altura máxima            | 3,50 m. (edif. exist.)          | 7,00 m. (Pb + 1)                    |
| g) Edificabilidade          | cumpre (281,30 m <sup>2</sup> ) | 0,50 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |
| h) Cuberta                  | cumpre                          | modif. Art. 84                      |
| i) Escadas ext. a planta 1  | cumpre                          | non permite                         |
| l) fronte mínimo de parcela | cumpre                          | 12 m.                               |
| m) Usos                     | cumpre                          | viv. unif.                          |

O orzamento de execución material da reforma de cuberta e actuación interior ascende á cantidade de 113.900,00 €.

O arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Miguel Ángel Abad Blanco e D. Antonio Deus Álvarez e o arquitecto técnico director das obras é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

**-D. JOSÉ M. MARTÍNEZ SEOANE (EXPTE. 6/2007) segundo solicitude de data 22 de xaneiro de 2007,** para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Rilo (Souto da Cana), referencia catastral: 1511407NJ6111S, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, e visado polo C.O.A.G. en data 11.01.2007.

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

Cesión: Non precisa.

A finalidade da licenza é a execución da rehabilitación dunha vivenda unifamiliar.

As condicións urbanísticas son:

|                           | PROXECTO              | NORMATIVA                        |
|---------------------------|-----------------------|----------------------------------|
| a) N° de Plantas e Altura | 6.50 m (B+1)          | 7.00 m (B+1)                     |
| b) Ocupación              | 224,46 m <sup>2</sup> | 50% Parcela                      |
| c) Edificabilidade        | 273,23 m <sup>2</sup> | 1 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |

|                           |                     |               |
|---------------------------|---------------------|---------------|
| d) Voos                   | Non existen         | Non permiten. |
| e) Ocupación voo          | Non existen         | Non permiten. |
| f) Altura mínima de voos  | Non existen         | Non permiten. |
| g) Parcela mínima         | 1452 m <sup>2</sup> | 200/300       |
| h) Separación a lindeiros | Adosado             | Se permite    |

O orzamento de execución material do edificio ascende á cantidade de 36.530,78 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dña. Elia Estraviz Prado, e o arquitecto técnico director das obras é D. Manuel Guillermo Antón Villamil

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

#### **D) RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NA LICENCIA CONCEDIDA A D. ANTONIO DEUS ÁLVAREZ en representación de INVERSIONES Y PROMOCIONES VARELA S.L. (EXPTE. 167/2006).-**

Tendo en conta que, o Concello Pleno na sesión realizada o día 06.07.2007, acordou a rectificación do erro material padecido no “*Estudio de Detalle para dar cumprimento ao artigo 221 do P.X.O.M., fixar aliñacións e rasantes e ordenación de volumes*”, quedando en consecuencia fixada a superficie de cesión de viais que figura na escita do plano A4, en 551,70 m<sup>2</sup> en lugar dos 474,40 m<sup>2</sup>.

Atendido así mesmo, que pola Resolución da Alcaldía nº 455/2007, de data 16.7.2007, aprobouse a rectificación do erro material padecido na licenza de segregación, aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 836/2006, de data 13.07.2007, quedando en consecuencia a superficie da parcela matriz fixada en 2.003,00 m<sup>2</sup>, en lugar dos 1.926,00 m<sup>2</sup>.

Visto todo o anterior, e tendo en conta que na licenza de obras nº 167/2007, concedida pola Xunta de Goberno Local de data 19.12.2007, hai uns erros materiais consistentes en que na mesma se di “...e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (620,60 m<sup>2</sup>)...” e

|                    |                                  |                             |
|--------------------|----------------------------------|-----------------------------|
|                    | <i>PROXECTO</i>                  | <i>NORMATIVA</i>            |
| “...Parcela mínima | <b>1.926,00 m<sup>2</sup>...</b> | <b>300,00 m<sup>2</sup></b> |

” cando debería dicir “...e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (551,70 m<sup>2</sup>)...” e

|                    |                               |                              |
|--------------------|-------------------------------|------------------------------|
|                    | <i>PROXECTO</i>               | <i>NORMATIVA</i>             |
| “...Parcela mínima | <b>2.003,00 m<sup>2</sup></b> | <b>300,00 m<sup>2</sup>”</b> |

Á Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á rectificación do erro material sinalado, quedando en consecuencia, a licenza de obras redactada como segue:

**“-D. ANTONIO DEUS ÁLVAREZ en representación de INVERSIONES Y PROMOCIONES VARELA S.L. (EXPTE. 167/2006) segundo solicitud de data 14 de setembro de 2006, para construción de edificio de 44 vivendas, garaxes e trasteiros na R/ Corzás esquina R/ Nova apertura, referencia catastral: 0424038NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos D. Miguel Ángel Abad e D. Antonio Deus, e visado polo C.O.A.G. con data 12.09.2006. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (25.700,00 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (551,70 m<sup>2</sup>).**

*O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semidenso.*

*A finalidade da licenza é a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 551,70 m<sup>2</sup>, aparecendo definido no “Anexo de Urbanización”, e a construción dun edificio para destinalo a 44 vivendas, garaxes e trasteiros.*

*As condicións urbanísticas son:*

|                             | <b>PROXECTO</b>         | <b>NORMATIV</b>                     |
|-----------------------------|-------------------------|-------------------------------------|
| a) Parcela mínima           | 2.003,00 m <sup>2</sup> | 300,00 m <sup>2</sup>               |
| b) Fronte mínimo            | maior                   | 6,00 m. fachada                     |
| c) Lindeiros                | 3,00 m.                 | 3,00 m.                             |
| d) Fondo máximo             | 14,00 m                 | 14,00 m                             |
| e) Retranqueos a aliñacións | ED                      | 10,00 m                             |
| f) Altura                   | cumpre                  | 10,00 m                             |
| g) Edificabilidade          | ED                      | 1,00 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |
| h) Cuberta                  | cumpre                  | M.P. art. 84                        |

*Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Miguel Ángel Abad e D. Antonio Deus, e as arquitecta técnicas son Dna. Isabel Vecino Tomé e M<sup>a</sup> Mercedes Varela Cotelo.*

*A execución da urbanización deberá ser previa ou simultánea á execución da obra maior e deberá estar rematada todo o mais ó rematar esta.*

*Prazo de inicio: 3 meses contados dende a data da concesión da presente licenza. En caso contrario os proxectos deberán adaptarse ás novas esixencias do Código Técnico da Edificación, segundo a disposición transitoria cuarta do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.*

*Prazo de execución: 24 meses.*

*Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1<sup>a</sup> utilización.*

*O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.*

*No Estudio de Detalle aprobado solicítaselles que previa á licenza deberá de presentar un proxecto de urbanización do vial de nova creación. O devandito documento forma parte da presente licenza, como “ANEXO DE URBANIZACIÓN AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE 44 VIVENDAS, GARAXES E TRASTEIROS”, visado polo COAG o 19 de setembro de 2006, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 27.11.2006.*

*Atopámonos ante un solo definido polo PXOM, como Solo Urbano Semídenso, polo tanto Solo Urbano Consolidado, de acordo ao artigo 17 da Lei 9/2002, “os propietarios de solo urbano teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de solares e a edificar estes nas condicións establecidas nesta Lei e no planeamento aplicable”. Polo tanto o documento presentado considerase válido na súa definición co obxecto de urbanizar a rúa.”*

**F) EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INCOADO A HERUPASA S.L. POLA REALIZACIÓN DE OBRAS SEN AXUSTARSE Á LICENZA MUNICIPAL NO S.U.N.C. –P8-O CRISTO, (EXPT. 6/07): PROPOSTA DE ACORDO.**

Visto o expediente de protección da legalidade urbanística incoado a HERUPASA S.L., pola realización de obras de construción do edificio número 2, no S.U.N.C.-P9-O Cristo, referencia catastral: 0222013NJ6102S, por non axustarse ás determinacións do proxecto básico redactado polos arquitectos D. Miguel Ángel Abad Blanco e D. Antonio Deus Álvarez, visado polo C.O.A.G. en data 22.03.2006, e que serviu de base para a obtención da preceptiva licenza municipal (expte. 112/06), e carecer do preceptivo permiso de inicio das obras.

Atendido que durante o trámite de audiencia outorgado pola Resolución da Alcaldía 253/2007, de 03.05.2007, na incoación do expediente de protección da legalidade urbanística, polo interesado presentouse escrito de alegacións (N.R.Entrada 2.381/07.05.07).

Tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal de data 18.06.2007, obrante no expediente e do que resulta acreditado que procede o levantamento da paralización das obras ordenada pola Resolución da Alcaldía antes citada.

Tendo en conta o ditame da Comisión de Urbanismo e Industria a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

Primeiro.- Conceder o preceptivo permiso para o inicio das obras, ao que se refire a concesión da licenza acordada en Xunta de Goberno Local de data 28.09.2006 nos seguintes termos:

**-D. ANTONIO DEUS ÁLVAREZ en representación de HERUPASA S.L. (N.R.E. 4.355/30.08.2006)**, para construción de 1 edificio de 25 vivendas, cos seus correspondente garaxes e trasteiros, no S.U.N.C.-P9-“O CRISTO” (R/ Cristo, R/ Alta e R/ nova apertura), referencia catastral: 0222013NJ6102S, de acordo co Proxecto de Execución e Estudio de Seguridade e Saúde asinado polos arquitectos D. Antonio Deus Álvarez e D. Miguel Ángel Abad Blanco, visados polo C.O.A.G. en data 25 de agosto de 2006, e Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións asinado polo enxeñeiro de telecomunicacións D. Miguel A. Salgado Varela, visado polo C.O.E.T.G. en data 28.08.2006, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local en data 17.08.2006, (expte. 112/2006)

Para a apertura do garaxe deberá contar coa preceptiva licenza de actividade, de acordo co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961.

Segundo.- Levantar a paralización ordenada pola Resolución da Alcaldía número 253/2007, de 3 de maio de 2007, das obras indicadas na devandita Resolución, e dar por rematado, en consecuencia, o expediente de protección da legalidade urbanística instruído a

HERUPASA S.L. (expte. 6/07), pola realización sen axustarse á licenza municipal das obras anteriormente citadas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, para os efectos oportunos.”

### **11.- APROBACIÓN DO GASTO.-**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007 de 19 de xuño, á Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de Execución do Orzamento de 2006, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

| <b>Rex.</b> | <b>Fact</b> | <b>Partida</b>     | <b>Provedor e Concepto</b>                 | <b>Importe</b> |
|-------------|-------------|--------------------|--|----------------|
| 511         | 100599-1    | 2007.0.313.0.62500 | AULA 25-SALVADAS/GRIALIBROS, S.L.          | 3.095,16       |
|             |             |                    | MOBILIARIO ESCOLA INFANTIL AS LAGOAS       | €              |
| 535         | 3/2007      | 2007.0.611.0.22708 | GONZALO RGUEZ FERNANDEZ                    | 8.199,65       |
|             |             |                    | 5% LIQUIDACION 3/2007                      | €              |
| 744         | 146         | 2007.0.611.0.22706 | GAINTO, S.L.                               | 3.771,81       |
|             |             |                    | TRAMITACION DE 74 ALTAS DE IBI- URBANA     | €              |
| 828         | 0-147       | 2007.0.432.0.60101 | SAN MARTIN S.A.                            | 16.359,09      |
|             |             |                    | OBRAS DE URBANIZACION NA RUA AREOSA        | €              |
| 831         | 4/2007      | 2007.0.611.0.22708 | GONZALO RGUEZ FERNANDEZ                    | 3.676,03       |
|             |             |                    | IMPORTE 5% DA LIQUIDACION 4/2007           | €              |
| 844         | 07/04       | 2007.0.313.0.22718 | ANA NAYA GARCIA, S.L.                      | 5.995,47       |
|             |             |                    | SERVIZO DE ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA,   | €              |
|             |             |                    | ESCOLA INFANTIL AS LAGOAS, MES ABRIL       |                |
| 847         | 5/2007      | 2007.0.611.0.22708 | GONZALO RGUEZ FERNANDEZ                    | 4.293,79       |
|             |             |                    | 5% IMPORTE LIQUIDACION 5/2007              | €              |
| 867         | 199         | 2007.0.432.0.22710 | CALSOMATU,S.L.                             | 3.060,29       |
|             |             |                    | MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO         | €              |
|             |             |                    | PUBLICO, ABRIL                             |                |
| 910         | 378         | 2007.0.432.0.21000 | L.SECOPE S.A.                              | 3.637,91       |
|             |             |                    | LAVADO DE ACERAS EN O SEIXO                | €              |
| 913         | VO1/261     | 2007.0.451.0.22715 | SIDECU, S.L.                               | 6.033,17       |
|             |             |                    | PRESTACION SERVIZOS ESCOLAS CULTURAIAS,    | €              |
|             |             |                    | PINTURA,INFORMATICA, MUSICA, MES ABRIL.    |                |
| 930         | 192         | 2007.1.441.0.61102 | CONCIFA, S.L.                              | 3.248,00       |
|             |             |                    | INSTALACION DE 10 M. TUBERIA DE AUGA, R/   | €              |
|             |             |                    | BARCIAS                                    |                |
| 952         | 216         | 2007.1.441.61102   | PASCUAL MARTINEZ, S.L.                     | 3.293,12       |
|             |             |                    | INSTALACION VALVULA DE DN-200MM. REDE      | €              |
|             |             |                    | ABASTº AUGA, R/ CRISTO                     |                |
| 958         | 30042007    | 2007.0.422.0.22100 | UNION FENOSA                               | 3.894,88       |
|             |             |                    | ENERXIA ELECTRICA ESCOLAS,05.02/04.04.2007 | €              |
| 959         | 30042007    | 2007.0.432.0.22100 | UNION FENOSA                               | 13.653,27      |
|             |             |                    | ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO                 | €              |
|             |             |                    | PUBLICO,05.02/10.04.07                     |                |

|             |             |                    |   |                |
|-------------|-------------|--------------------|---|----------------|
| 970         | 201511120   | 2007.0.441.0.22101 | EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A.<br>SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, MES ABRIL                | 8.892,18<br>€  |
| 971         | 2           | 2007.0.432.0.21001 | FRANCISCO MONTERO VILA<br>ACONDICIONAMENTO E Poda ARBORES,<br>PARQUES E XARDINS                 | 4.209,64<br>€  |
| 974         | 151/07      | 2007.0.611.0.22706 | GAINTO, S.L.<br>XESTION, REVISION, LOCALIZACION E<br>TRAMITACION, IBI INSTALACIONES FORESTAL.   | 3.016,00<br>€  |
| <b>Rex.</b> | <b>Fact</b> | <b>Partida</b>     | <b>Provedor e Concepto</b>  | <b>Importe</b> |
| 975         | F07/157     | 2007.0.432.0.22706 | PROES<br>HONORARIOS TRABALLOS DE ASISTENCIA<br>TECNICA AREA DE URBANISMO, MES MAIO              | 3.480,00 €     |
| 1037        | 1522        | 2007.0.442.0.22713 | SOGAMA, S.A.<br>TRATAMENTO R.U. PLANTA NARON, MES MAIO  | 9.652,54 €     |
| 1065        | 117         | 2007.0.313.0.22611 | AVALIA GRUPO DE COORDINAC<br>OBRADOIROS 3ª IDADE EXERCITANDO A<br>MEMORIA, XAN-MAIO             | 3.700,00 €     |
| 1066        | 322         | 2007.0.451.0.22715 | SIDECU, S.L.<br>MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAI,<br>MES MAIO                                | 5.584,77 €     |
| 1067        | 319         | 2007.0.452.0.22715 | SIDECU, S.L.<br>MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS,<br>MES MAIO                              | 3.089,53 €     |
| 1114        | 07/05       | 2007.0.313.0.22718 | ANA NAYA GARCIA, S.L.<br>CONTRATO ESCOLA INFANTIL DE AS LAGOAS,<br>MAIO                         | 5.995,47 €     |
| 1116        | 201511501   | 2007.0.441.0.22101 | EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A.<br>SUBMINISTRO DE 51,084 M3 DE AUGA POTABLE,<br>MES MAIO | 8.198,98 €     |
| 1128        | 310507      | 2007.0.432.0.22100 | UNION FENOSA<br>ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO<br>PUBLICO, 26.03/01.05.200                          | 3.166,00 €     |
| 1131        | 236         | 2007.0.432.0.22710 | CALSOMATU, S.L.<br>MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO<br>PUBLICO, MAIO                          | 3.060,29 €     |

2º.- Por existir un erro no total, procédase á anulación da factura 100002-1 de Aula 25-Salvadas/Grialibros, S.L, aprobada na Resolución da Alcaldía nº 12 por importe de 3.095,17 euros.

3º.- Prestar a súa aprobación o seguinte recoñecemento extraxudicial de crédito segundo relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2006, prorrogado para o 2007, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

| <b>Rex.</b> | <b>Fact</b> | <b>Partida</b>     | <b>Provedor e Concepto</b>                              | <b>Importe</b> |
|-------------|-------------|--------------------|---|----------------|
| 1647        | 7           | 2006.0.611.0.22708 | GONZALO RGUEZ FERNANDEZ<br>5% IMPORTE LIQUIDACION 26/07 | 6.500,67 €     |
| 1743        | 8/2006      | 2006.0.611.0.22708 | GONZALO RGUEZ FERNANDEZ<br>5% LIQUIDACION 2608          | 10.591,48 €    |

## **12.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM. 425/2007 E NÚM. 434/2007.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as Resolucións da Alcaldía que copiadas literalmente din:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº. 425/2007 DE DATA 5 DE XULLO.-** *Vistas as certificacións de obra que deseguido se relacionan, presentadas pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L.:*

- CERTIFICACIÓN 2-FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA 1ª FASE”
- CERTIFICACIÓN 3-FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA, 2ª FASE”
- CERTIFICACIÓN 3- FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA, TRAMO ENTRE 2-546 E S-667”

*E tendo en conta os informes emitidos pola interventora municipal, obrantes no expediente, pola presente **RESOLVO:***

*1º.- Prestar aprobación á certificación núm. 2-FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA 1ª FASE” por importe de VINTE E NOVE MIL CENTO NOVENTA E UN EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (29.191,92 €) con cargo á partida 2007.1.432.0.601.02 do orzamento vixente, prorrogado do 2006, así como á acta de recepción da devandita obra, de data 31.05.07 e á factura correspondente.*

*2º.- Prestar aprobación á certificación núm. 3-FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA, 2ª FASE” por importe de CINCO MIL NOVECIENTOS CUARENTA EUROS CON TRES CÉNTIMOS (5.940,03 €), así como á acta de recepción da devandita obra, de data 31.05.07 e á factura correspondente.*

*3º.- Prestar aprobación á certificación núm. 3-FINAL DA OBRA DE “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA, TRAMO ENTRE S-546 E S-667”, por importe de CATRO MIL CATROCIENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (4.489,50 €), así como á acta de recepción da devandita obra, de data 31.05.07 e á factura correspondente.*

*4º.- Ratifíquense os presentes acordos na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre. “*

**RESOLUCION DA ALCALDIA Nº. 434/2007 DE DATA 10 DE XULLO.-** *Vista a proposta de adxudicación formulada en data 20.06.07 pola Comisión técnica, actuando como Mesa de Contratación, a favor de D. PROYFE S.L. para a contratación da dirección de obra das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, pola presente **RESOLVO:***

*1º.- Adxudicar a dirección de obra a D. PROYFE S.L., no prezo de 55.624,96 euros, IVE incluído, conforme ao seguinte desglose:*

- Dirección de obra..... 25.677, 07 euros
- Dirección da execución da obra..... 16.364, 57 euros
- Coordinación de seguridade e saúde..... 13.583,32 euros

*2º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, así como ao resto dos licitadores cos recursos pertinentes.*

*3º.- Ratifíquese o presente acordo pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.”*

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE